

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Expediente de recoñecemento como fillo predilecto do Concello de Pontedeume a don Manuel Antonio Torre Iglesias

ANUNCIO

Trámite de información pública da incoación do expediente de honras e distincións do Concello de Pontedeume a favor de don Manuel Antonio Torre Iglesias.

Sométese a información pública o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 09.09.2024, no que entre outros establece:

PRIMEIRO.- *Incoar o procedemento para a concesión do título de Fillo Predilecto do concello de Pontedeume a Don Manuel Antonio Torre Iglesias, nado en Pontedeume e que pola súa traxectoria profesional acadou grandes éxitos e recoñecementos na súa labor periodística en prensa escrita, radio e televisión, con espazos sempre caracterizados por un espírito educativo e social.*

SEGUNDO.- *Designar como membros instrutores da Comisión que recabará información dos seus méritos a Dona Eva Veiga Torre, a Don Bernardo Maíz Vázquez e a Don Fernando Ónega López, sendo a secretaria das actuacións, a da Corporación.*

TERCEIRO.- *Publicar o presente acordo con efecto do cumprimento do prazo de información pública durante un mes, con publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local (La Voz de Galicia e Diario de Ferrol), durante o cal, ademais de aportarse a documentación xustificativa dos méritos, poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constatar os datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e adxerir a xustificación dos merecementos coas informacións, en orden ás evidentes constancias de servizos, feitos ou actuacións.*

Os instrutores poderán interesar o ditame, opinión ou asesoramento de outras persoas, entidades, empresas, organismos ou Corporacións, a fin de completar cantos elementos de xuízo considere imprescindible ou necesarios para a formalización de posterior proposta, e cando estes se emitan con carácter reservado, gardará segredo e impedirá calquera divulgación ou indiscreción.

Concluída a información pública a Comisión instrutora, a través da súa secretaria, elevará as súas actuacións ao Sr. Alcalde para que as propoña ao Concello Pleno. O ditame final dos instrutores concluirá cun criterio baseado na importancia dos méritos plenamente xustificadas, propoñendo a concesión ou denegación da recompensa solicitada, resolvendo, o Pleno do Concello, á vista do expediente e co voto favorable da maioría absoluta da Corporación

O presente acordo sométese a información pública, atendendo ao establecido no artigo 21 do Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concello de Pontedeume publicado no BOP núm. 74 de 31.03.2003, con efecto do cumprimento do prazo de información pública durante un mes, coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local (La Voz de Galicia e Diario de Ferrol), durante o cal, ademais de aportarse a documentación xustificativa dos méritos, poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constatar os datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e adxerir a xustificación dos merecementos coas informacións, en orden ás evidentes constancias de servizos, feitos ou actuacións.

O que se publica, facendo saber que a presente resolución non esgota a vía administrativa por tratarse dun acto de trámite e que contra esta non procede interpoñer recurso ningún, sen prexuízo do disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento asinado dixitalmente por don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 18 de outubro de 2024.

2024/8269